

Escoito e falo

Escoito disparates

Os disparates son textos divertidos contrarios á razón e ao sentido común.

Falo do futuro

Pensamos no que nos gustaría ser de maiores, os estudos e as habilidades que nos farán falla para esa profesión.

Escribo

O cómic

- 1 Está formando por **viñetas** onde hai texto e debuxos.
- 2 O que din os personaxes escríbese nun **globo**, que pode ser de diferentes tipos: falar normal, pensar, berrar, narrador...



Correzo a miña lingua

O nome

O nome é unha palabra que serve para designar persoas, animais, plantas, lugares ou obxectos.

- 1 **Comúns:** designan persoas, animais ou cousas en xeral (*amigo*).
- 2 **Propios:** diferencian unha persoa, animal ou cousas das demais (*Martín*).

As palabras con c e z

- 1 Escribimos **c** diante de **e, i**: *doces, noticia*.
- 2 Escribimos **z** diante de **a, o, u**: *zambomba, mozo, zurrón*.

O signo de exclamación

Usamos **!** ao final dunha oración que expresa sentimentos ou emocións (*Por fin é Nadal!*)

Preparámonos

Dedicarnos ao que nos gusta fainos felices. Pensas que hai profesións máis serias ca outras? Hai algunha profesión que che guste moito?